

PRESENTACIÓN DA CAMPAÑA: Cambia de bando!

O actual modelo enerxético en Galicia e no resto do estado permite que sexan as grandes compañías privadas (Unión Fenosa-Gas Natural, Iberdrola, Endesa...) as que teñan o dominio da política enerxética, obtendo inxentes beneficios pola xeración, distribución e comercialización dun ben común esencial para a vida das persoas como é a enerxía. Poñendo os intereses económicos por enriba do interese das persoas e do medio ambiente.

É por elo que consideramos importante, nun primeiro paso, cambiar de bando, é dicir, deixar de financiarlas a través do recibo da luz e **pasarnos a comercializadoras que estean claramente posicionadas na transición enerxética.**

Que ventaxas ten?

1. As comercializadoras verdes contan con *total solvencia e teñen todas as garantías legais* necesarias para ofrecernos a xestión do suministro de enerxía. O suministro está garantido porque a rede eléctrica non cambia.
2. O contratar con elas, asegurámonos que o total do noso consumo nos nosos fogares ou negocios é *100% verde, é dicir, de orixe renovable*, e polo tanto respetuosa coa nosa contorna. Isto o podemos constatar así porque existe un sistema de Garantía de Orixe xestionado pola Comisión Nacional de Mercados da Competencia que así o certifica.
3. Ademáis, moitas das súas *tarifas son máis baixas e/ou axustadas segundo os consumos*, o que nos pode permitir a redución da factura eléctrica.
4. *Realízase cun sinxelo trámite* vía internet, sen ningún cambio na nosa instalación.
5. Recibiremos un *trato directo e unha información transparente*.
6. Estaremos *favorecendo o crecemento da economía social e solidaria*.
7. Estaremos participando *nun movemento social transformador*, e racharemos con parte do oligopolio enerxético existente.

Con quen?

É filosofía da nosa organización federal vincular as migracións a empresas ou cooperativas afincadas en cada territorio máis próximo, cumprindo así tamén o obxectivo de acadar a maior eficiencia na distribución. En Galicia a única cooperativa verde é **NOSA ENERXÍA Sociedade Cooperativa Galega**. Dito isto sería bo que apostáramos por ela por estar afincada o noso territorio fomentando así a economía social local e axudando o crecemento da iniciativa cooperativa solidaria.

NOSA ENERXÍA S.Coop. Gal. e membro da **Plataforma por un Novo Modelo Enerxético** a nivel estatal e á **REScoop.EU** a Federación Europea de Cooperativas de Enerxía Renovable.

Como?

Moi sinxelo.

Primeiro as de facerte socio da cooperativa. aqueles que consumen os produtos e servizos da cooperativa. Para ser socio consumidor cómpre facer unha **achega de 100 € ao capital social**, unha soa vez, e retornables en caso de que se deixe a cooperativa. Non hai cotas.

O ingreso o fará a mesma cooperativa por medio da emisión dun recibo sobre a conta que lles indiquemos.

Segundo facer a **solicitud de migración** do gran operador a cooperativa de todos os teus contratos de electricidade

Para lévalo acabo so é preciso entrar páxina web www.nosaenerxia.com e cubrir os dous formularios específicos para elo.

En caso de alguna dificultade técnica, poñeros en contacto coa túa responsable de estratexias para o conflito local ou comarcal para resolvela.

Que datos e documentación precisamos para migrar?

- **DNI do novo socio e titular de todos os contratos eléctricos que queremos migrar**, escaneadas ambas caras en formato jpg
- Escaneado das **dúas caras das últimas facturas de todos os contratos que queremos cambiar**.
- **Número de teléfono** de contacto a cooperativa con nos.
- **Correo electrónico** de contacto.
- **Enderezo** completo de contacto.

Outras preguntas:

Hai algún riscos de ser socia/o da cooperativa verde?

Se Nosa Enerxía chega a unha situación de insolvencia, francamente improbable, na que non poida pagar as súas débedas, a persoa socia só responde co capital achegado no seu día para ser persoa socia da cooperativa. Polo tanto, e no peor dos casos, a persoa socia só perdería a súa achega ao capital social 100€.

Non existen responsabilidades de tipo patrimonial, legal ou de outro tipo.

Soamente poden ser socias/os os consumidores de servicios eléctricos?

Non. Os estatutos contemplan a posibilidade de ter **persoas socias colaboradoras**, denominanse así a todas aquelas persoas que non consumen os produtos e servizos da cooperativa, pero colaboran no desenvolvemento da cooperativa. Para ser persoa socia colaboradora cómpre facer unha achega de 200 € ao capital social, unha soa vez, e retornables no caso de que se deixe a cooperativa.

Poden ter o bono social con Nosa Enerxía?

Non. Desgraciadamente as únicas empresas autorizadas para ofrecer o bono social son as comercializadoras de último recurso (CUR). Nosa Enerxía non é unha CUR.

Cantos contratos de luz pode ter cada persoa socia?

Cada persoa socia poder ter todos os contratos que queira, sempre e cando estes estean ao seu nome.

Asemade, existe a posibilidade de que cada persoa socia se responsabilice/avale **un contrato** de luz doutros titulares. Isto significa que a persoa socia que avala

se responsabiliza das débedas do contrato da persoa avalada. Con esta fórmula, as persoas que non estean convencidas ou non poidan asociarse á cooperativa poden contratar o subministro de electricidade se unha persoa socia de Nosa Enerxía as avala.

Podo contratar o subministro de luz se estou en alugueiro?

Como persoa que usa e paga o servizo do subministro eléctrico, podes elixir a compañía comercializadora que desexes. Podes facer o cambio de comercializadora mantendo o nome da persoa propietaria, ou poñelo ao teu nome; calquera opción é posible.

Se cambio de comercializadora, teño que modificar a miña instalación eléctrica?

Non. Se decides pasarte a Nosa Enerxía, non necesitas cambiar a instalación eléctrica, xa que unicamente cambias a compañía que che vai facturar a luz, segundo as súas tarifas.

Voume quedar sen luz cando faga o cambio?

Non. No proceso de cambio da compañía actual a Nosa Enerxía non te vas quedar sen subministro eléctrico, xa que a túa vivenda ou negocio van seguir conectados á rede eléctrica e polo tanto non che vai faltar o subministro de electricidade.

A quen chamo en caso de avaría na rede eléctrica?

Calquera problema que haxa na rede eléctrica –baixadas de tensión, cortes de subministro, etc.– é competencia da empresa distribuidora da túa zona, xa que é a encargada de manter en bo estado devanditas redes. O teléfono de contacto coa distribuidora da túa zona figura na túa factura da luz.

Calquera outra dúbida que nos poida xurdir a podemos resolver consultando a web da cooperativa no apartado PREGUNTAS FRECUENTES